


PASPALLAS

Número 3

BOLETIN INFORMATIVO
SOCIEDADE GALEGA
DE HISTORIA NATURAL

ABR. 1991



ASAMBLEA versus FEDERACION

A educación ambiental no Concello de Muros

Espacios naturais: A Lagoa de Louro

Actividades das Delegacións



Sección de entomoloxía

Sección Xuvenil

A Illa de Cortegada

Escola taller braña

Moita Cara ... Noraboa

Con este número do *Paspallás*, retomámo-la perenne idea de manter un vieiro de contacto entre tódolos socios da S.G.H.N.

Xa vedes que é un boletín nada ambicioso, pero tēmo-la certeza de que futuros números, que esperamos vexan a luz con certa periodicidade, vaian mellorando nutríndose das aportacións tanto das delegacións e grupos locais, coma de socios particulares. Quédavos pois a porta aberta, e mesmo nos apetecería darvos un empuxonciño, para que colaboredes enviando artigos, denuncias, opinións, anuncios, información... e todo aquilo que creades ten cabida neste que desde agora quixeramos que fose o VOSO BOLETIN.

ASAMBLEA VERSUS FEDERACION DE ECOLOXISTAS

No campo do naturismo e ecoloxismo de Galicia estase a por producir un fenómeno, aparentemente interesante, en relación coa aparición de novos grupos; non é máis ca manifestación da sensibilidade que despertan os temas e problemas que rodean o medio, e a importancia que este ten para o home actual na batalla pola calidade ambiental en oposición ó consumismo desenfrenado dos tempos que corren.

Estes grupos, de implantación polo xeral local, a veces moi minoritarios, veñen sendo protagonistas dun lóxico proceso de coñecemento mútuo e de achegamento, dado que os intereses son coincidentes. Créase así nun intre concreto a Asamblea de Grupos Naturistas e Ecoloxistas de Galicia, como foro de contacto e de traballo. A S.G.H.N. intégrase en certo momento e desde entón asiste e mesmo organiza encontros, como a Asamblea de Ferrol, aínda que certos extremos non están definidos, por exemplo o tema da emisión de voto dos grupos "grandes" como a Sociedade ou Adegas, e que de momento se deixou "correr" a prol dunha unidade de actuación.

Con todo entre algúns grupos preténdese oficializala Asamblea baixo a denominación de Federación, e ter un Presidente, unha sede, unha tesourería, etc. e así se propuxo na Asamblea de Monforte do pasado febreiro de este ano. Evidentemente isto, entre outras consideracións, podería significala aceptación de decisións vinculantes con renuncia dos nosos propios esquemas

e fins. A propia Administración parece ter controlado a todo o movemento ambientalista a través dun único interlocutor, marxinando ós que poidan ter visións diferentes. Así sucedeu xa no presente ano na primeira reunión da Mesa Forestal, onde os madereiros estiveron amplamente representados fronte a UN único convocado polos ecoloxistas. Non podemos permitir que nos manipulen ou nos silencien.

A isto pódese engadir certo interese por algúns para "capitalizar" o movemento ecoloxista-naturista, e un certo afán persoal de protagonismo. A pretendida "irmandade" non impide a algún grupo desprestixiar ferozmente cando pode á S.G.H.N., encontrándonos con que a vella táctica de "sementa que algo sempre queda" da resultado.

Por todo, non estamos pola Federación. A S.G.H.N. é un colectivo que representa a

1300 persoas, espallado por toda Galicia, cunha historia, un prestixio, e uns coñecementos que están aí.

Porque queremos seguir sendo nós mesmos faremos chegar a nosa voz directamente á Administración e á sociedade, sin intermediarios nin despois de componendas; reclamamos este dereito e é obriga da Administración oír ós administrados.

Cos outros grupos e para campañas e accións conxuntas en ben do país, sí; baixo outras siglas, renunciando á nosa propia voz, federándonos, non.

SUBVENCIONS. Durante o ano pasado, solicitáronse axudas á administración para levar a cabo distintas actividades (biblioteca, publicación da revista "BRANA", dípticos informativos, material de campo, etc.). Solicitamos 12.320.002 pts (a diversas Consellerías), das que só recibimos 896.000 (o que representa un misero 8,5%). O desglose sería:

Consellería de Cultura - Pedimos 4 subvencións por 8.240.002 pts. Concedéronnos 3 por 500.000 pts.

Consellería de Pesca - Pedimos, e concedéronnos 2 subvencións por 396.000 pts.

A C.O.T.O.P. (1.622.000), a Consellería da Presidencia, e a de Agricultura (2.022.000), non se dignaron nin contestar.


Vedes pois que é difícil rafiarse no peto da Administración, tendo en conta que tódalas axudas foron solicitadas en tempo e forma adecuados. Sacáde vos mesmos as vosas conclusións.

A EDUCACION AMBIENTAL NO CONCELLO DE MUROS



A S.G.H.N. e o Departamento Municipal de Educación do Concello de Muros, coa subvención da C.O.T.O.P., convocaron un curso sobre o Medio Natural, cun programa amplo que abarcou dende as conferencias: "Mamíferos mariños das nosas costas", "Moluscos da Ría de Muros", "Anfibios e reptís", "Os morcegos", "Bolboretas de Galicia", "Arbores e repoboación forestal", "Aves dos medios húmidos", "Aves dos medios urbanizados", "Aves dos nosos campos", "A acuicultura en Galicia hoxe", ata a

programación de saídas á Lagoa de Louro, Monte Louro e á praia e pifeirais do Ancoradoiro. Hai que sulfi-la elevada participación, xa que houbo días que asistiron ás conferencias entre uns 70 e 100 rapaces e rapazas. Isto indica o grande interese que poden despertar nos máis novos as cuestións relacionadas co Medio Natural. Esperamos que experiencias coma estas poidan repetirse noutros Concellos, e contribuían a formar persoas máis sensibilizadas.




ESPACIOS NATURAIS: A LAGOA DE LOURO.

A Lagoa de Louro atópase a 1 Km do lugar de Louro, e a 5 Kms. de Muros. O acceso é doado: pódese chegar ata a beira da auga, ben recorrendo a pé a curta distancia que a separa da estrada, ben desde a praia, atravesando unha pequena barreira de dunas. Entre a lagoa e a estrada, esténdese unha ampla franxa de vexetación baixa desde a que se pode observar con comodidade toda a lagoa e parte das dunas e da praia.

A parte do interese do val como lugar de grande importancia arqueolóxica (ver "Guía dos Petroglifos de Muros" de Eiroa e Rei, edit. Concello de Muros 1984), reviste especial atractivo nos meses de Setembro a Abril, durante o paso e invernada de aves. Destaca a presenza da Espátula, *Platalea leucorodia*, o Pedreiro cincento, *Oenanthe oenanthe*, os bandos de diversas anátidas, o Somorgullo pequeno, *Tachybaptus ruficollis*, o Martiño peixeiro, *Alcedo atthis*, a Escribenta das canaveiras, *Emberiza schoeniclus*, e un longo etc.

Tamén destaca o lugar pola abundancia e variedade de anfibios e reptís: o Sapiño de espora, *Felobates cultripes*, as cobras de colar e sapcira, *Natrix natrix* e *Natrix maura*, etc, así como a presenza da Londra, *Lutra lutra*.

Para rematar, dicir que a Lagoa de Louro é unha das poucas lagoas litorais de Galicia razoablemente conservada, polo que debe ser protexida axiña cunha figura máis axeitada que a de "Refuxio de Caza", e como denuncia, menciona-la apertura dunha pista que bordea o Monte Louro e que servirá para especular cos terreos.



SANTIAGO

No ano 1990, esta Delegación levou adiante as seguintes actividades: **Censo de aves invernantes:** Como nas outras Delegacións, realizouse no mes de Xaneiro o tradicional censo na zona asignada. **Campaña de recollida de pilas botón:** en colaboración coa Unión de Consumidores, colocáronse botes en distintos locais comerciais de Santiago e instalouse unha mesa informativa na Praza do Toural. **Campaña de anelamento de Limícolas:** leváronse a cabo varias saídas para proceder ó anelamento de aves limícolas na Illa de Arousa e no Grove. **Censo de anduriñas do cu branco:** contáronse as colonias na cidade de Santiago, atopándose tan só 46 nidos ocupados. **Campaña de anelamento nas Illas Sisargas:** do 14 ó 18 de Xullo visitáronse as Illas Sisargas, e fíxose a campaña de anelamento na que se prestou especial atención á Gaivota escura, anelándose tamén unha pequena cantidade de Gaivota crara. O mesmo tempo realizouse un censo das parellas reproductoras de Gaivota escura na illa principal, que deu como resultado a cifra de 129 parellas. **Cursiño en Muros:** en colaboración con este Concello fíxose un ciclo de conferencias e 4 saídas sobre o medio natural, actividade que se prolongou durante tres meses. **Especies protexidas:** remitíronse diversos exemplares para a súa recuperación ó centro do Rodicio-Ourense. **Baldaio:** denunciouse diante do M.O.P.U. e da Xefatura de Costas a obra consistente en atravesar-la marisma con tuberías e captación ilegal de augas no río de Rebordelos, todo o cal foi paralizado. Remitiuse escrito razonando a retirada da Bandeira Azul na praia de Baldaio-Razo en razón da inexistencia de xestión ambiental da zona por parte do Concello de Carballo.

Entre os proxectos a curto prazo está un Cursiño de Ornitoloxía, unha campaña contra os rifles de balñas e outra de protección da Andurifa do cu branco.



OURENSE

Ata Febreiro de 1990 as actividades principais desta Delegación son as seguintes: **Incendios forestais:** remitiuse escrito ó Goberno Civil solicitando datos sobre o número de incendiarios detidos, situación xurídica dos mesmos, etc no ano 1989, que non foi contestado. Membros desta Delegación participaron na tertulia sobre Incendios Forestais encadrada nos "II Fiadeiros" organizados polo Concello de Ourense. **Caza:** asistíuse ás reunións dos Comités Provinciais de Caza, nas que se abordou a creación dun couto privado na Serra Mixta do Concello de Chandrexa de Queixa, nas cales se acordou solicita-la anulación deste proxecto. **Ríos:** denunciouse á Confederación Hidrográfica do Norte a construción dunha pista en Alongos, na beira esquerda do Miño. Por outra banda, en conversas con representantes do Concello, chegouse ó acordo de non seguir talando indiscriminadamente árbores nas tarefas de desbroce que se están a leva-la cabo nesta marxe do río entre a Ponte Vella e o viaducto do ferrocarril. **Castro de Miño:** denunciouse no Goberno Civil a práctica de tiro ó prato nas inmediacións da central hidroeléctrica. A Dirección Xeral de Turismo aceptou un plan de medidas que se lle propuxo de cara á protección daquel encoro diante do anuncio de construción dun parque náutico no mesmo. **Autovía Ourense-Porriño:** como resposta á solicitude feita polo M.O.P.U. propuxéronse unha serie de suxerencias para a elaboración do estudo de impacto ambiental da Autovía Ourense-Porriño.

A CORUÑA

Membros desta Delegación comezaron en 1987 un Estudio Integral da Ría da Coruña, destinado a abordar diversos aspectos medioambientais. Na primeira fase realizouse o estudo dos Bentos intermareais rochosos, e un avance do traballo foi presentado no I Congreso Luso-Galego de Conservación do Medio Ambiente co título "O intermareal rochoso da Ría da Coruña; datos preliminares sobre a súa fauna". A segunda fase do estudo incide sobre as comunidades de substratos móbiles (area-fango-zoostera) no litoral. Isto completa un excelente traballo de seis anos de duración, que senta as bases para futuras investigacións que permitirán defender con mellores argumentos a calidade e conservación da Ría da Coruña.




VILAGARCIA

Na bisbarra arousana, aparte de seguir temas como o da Illa de Cortegada, estase a levar a cabo unha campaña centrada na zona sur da ría (O Bao-O Grove, Sanxenxo, Cambados). Despois de conseguir que se incluíra no convenio de RAMSAR (Orde da Xunta do 9 de Abril de 1990) logo de 4 anos de estudos por parte da S.G.H.N., preténdese que a protección legal pase do papel á eficacia. Por iso, baseándonos nos tres fins da S.G.H.N. (investigación, divulgación, protección) estamos a facer unha campaña de anelamento de limícolas co obxecto de coñecer-las conexións migratorias concretas desta zona. Nesta liña inscribíse a ponencia presentada por dous membros da S.G.H.N. (Alvaro R. Pomares e Agustín Alcalde) no III Congreso do GIAM, co título "Aves marifitas na Baía da Lanzada", compendio de 13 anos de observación da zona.

Por último, para que todo isto se poida seguir conservando, tramitouse unha denuncia diante da Xefatura Provincial de Costas e da Fiscalía Superior de Galicia, polos continuos recheos ilegais dunha industria adicada á fabricación de materiais de construción.

Por outra parte, realizouse unha campaña informativa, mediante a prensa e dípticos (e unha pequena intervención nun programa da T.V.G.) para a conservación do acivro e outras especies vexetais. Igualmente pediuse que a xilbarbeira, *Ruscus aculeatus*, sexa declarada especie protexida. Dende hai 4 anos preténdese que o Concello de Vilagarcía cambie a súa política "aniquiladora", e despois dalgunhas xestións conseguíuse algunha mellora nos Xardíns de Compostela.



La SGHN, con Cortegada y contra las celulosas

SANTIAGO. Redacción La defensa de la isla de Cortegada como espacio natural de conservación a...

Abatidas en Galicia 120 aves en peligro de extinción en los dos últimos meses

X. H., Santiago de Compostela Gallega de Historia Natural ha pedido a la... de cinco años la comunidad... probar que la temporada batido unas... Según el... las espe... conejo, ción en



A SGHN pide protexer as Dunas de Corrubedo

A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) presentou ante a COTOP un escrito solicitando unha urxente actuación respecto ás Dunas de Corrubedo, Concello de Ribeira.

Segundo, dita sociedade Dunas de Corrubedo... or xeolóxico... coa prote... xa qu...

La SGHN quiere una ley das asociacións ecoloxistas

SANTIAGO. Redacción de directivos da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) que solicitan... de Estu... para


antes de realizar verquidos o En turismo, solicítase atención e enfoque mode non comprometa a con do medio nin ó deterri mico desta riqueza a zo". Hai tamén refe cesidade dunha víx fauna silvestre de planif...


Non se recolle información doutros grupos por non recibila a tempo.

IMPRESO EN PAPEL RECICLADO

SECCION DE ENTOMOLOXIA

A sección funciona dende 1985; pretende acercar ós seus membros novas do mundo da entomoloxía, bibliografía disponible nos fondos da S.G.H.N., e sobre todo, o proxecto ESENGA (Estudio Entomolóxico Galego), que ten como obxectivo crear unha base de datos das distintas especies existentes en Galicia, así como da súa distribución. Para elo imprimíronse unhas fichas que co tempo e paciencia, esperamos que sexan de sumo interés. O proxecto está pensado para ter un desenvolvemento paulatino sen un límite de tempo concreto.





Do Cosmos ó Caos

Hai moitos miles de anos o medio no cal estamos integrados era unha auténtica maravilla, era coma un reloxo no cal as pezas que o forman están perfectamente sincronizadas unhas coas outras. Pois o mesmo ocurría coa Natureza, na cal os membros que formaban parte dela desempeñaban correctamente a súa misión, e a cadea da vida marchaba perfectamente.

Non podemos dicir que ocorra iso hoxe en día, onde a man dos adultos, dos que organizan ou gobernan, dos que negocian, están desengranando as pezas que conforman a Natureza.

Esto pode ser debido a que o ser humano só pensa nel, en ter máis cartos e máis obxectos, sen mirar ó futuro, decindo algo así como que "o que veña despois que se arregle como poida". Como se siga pensando e obrando diste xeito, o futuro que nos agarda é un tanto escuro. O mundo que nos están deixando á xuventude, será máis pobre, máis porco.

¿Rifles de balíns?

Desde sempre o home, en vez de coida-la Natureza en pago polo gran servicio que nos presta, destrúea e perxudícaa. Un deses casos é a morte de animais inofensivos por escopetas de balíns cando están en época de reprodución. Moitas destas mortes son ocasionadas por rapaces en idade escolar. Nunha encuesta feita entre os alumnos de sétimo e oitavo de E.X.B. do colexio "Dices" en Rois, descubrimos que:

- Os alumnos de sétimo e oitavo somos en total 102.
- O 10 % tefeh escopeta.
- Deste 10%, ó 9% non lles parece ben matar animais inofensivos, nin que se maten animais en época de reprodución.
- Deste 10 %, o 8% non mata ningún animal ó mes, e o 2% restante mata de 5 a 10 ó mes.
- Do 90% restante, ó 89% non lles parece ben a morte de animais inofensivos, nin a morte de animais en época de reprodución, e si lle parece ben ó outro 1%.

**SALVASTE QUE
SON PACIFISTA
QUE SE NON...**



XUVENIL

PASATEMPOS ECOLOXICOS




Une con frechas:



Becacina	rieiro
Mazarico	chorona
Papuxa	curli
Lavandeira	negro
Gaivota	cincenta
Rapiña	real
Demo	de río
Arao	dos cons
Galifa	das amoras
Merlo	cabra


Crucigrama:

- 1.- Paxaro co peteiro longo e curvo. O seu canto é "curli, curli".
- 2.- Pertence ás andurifas de mar e mergúllase para pescar. O seu nome ven pola forma de berrar.
- 3.- Cofécese tamén por *vichelocrego*. O seu nome provén da súa forma de berrar.
- 4.- Primeira verba do nome científico das gaivotas.
- 5.- Nome científico *Rallus*. Tamén se lle chama galifola.
- 6.- Alcida. Unha das aves máis afectadas polo petróleo.
- 7.- Voa a rentes da auga e fai un nifo semellante ó de carrizo. E do tamaño do martiño peixeiro.
- 8.- E a segunda ave máis pequena de Galicia. Moi repoludo. E insectívoro.



Cocido de letras

Busca o nome de sete árbores autóctonas:



Para falar da actual situación da Illa de Cortegada, situada na parte superior da ría de Arousa, fronte á vila de Santiago de Carril (Vilagarcía de Arousa), é necesario retrotraernos. Non é unha cuestión recente, como nun principio cabería pensar, senon que arrinca aló, a principios de século, cando unha serie de personaxes deciden donar esta bela illa á Sua Maxestade

Alfonso XIII. Tra-las oportunas xestións, a illa élle doada ó rei para que construa a súa residencia de verán, con moi boa idea, xa que a residencia real implicaba o adecentamento e construción de novas vías de comunicación na zona e mesmo as entradas a Galicia, amén dunha suculenta millora económica da zona, temas que no seu momento eran absolutamente aplaudibles.

O seu propietario nestes últimos anos era D. Juan de Borbón, pai do actual rei. D. Juan decide vender Cortegada por 60 millóns de pesetas (preco irrisorio se consideramos tan só o seu valor forestal, superior a esa cantidade) á sociedade CORTEGADA S.A., que pretende construír unha urbanización do mesmo estilo que a existente na Illa da Toxa.

Cando se produce a venda, saltan á palestra unha serie de movementos cidadáns e particulares opoñéndose. Por unha banda estaba un colectivo cidadán co obxectivo primordial de evita-la urbanización por considera-la fora de lugar. Por outra, os veciños de Carril reclaman parte da Illa como de propiedade en man común (nove hectáreas de un total de cincuenta e catro), reclamación desestimada nun evidente trapicheo legal. E así seguiu unha serie interminable de pequenos detalles que sería tedioso enumerar polo

miúdo. Despois de prorrogar de forma presuntamente ilegal o prazo para a presentación de proxectos, rematou a cuestión declarandoo chan non urbanizable. Agora estase á espera das conversas entre a Xunta e a Proprietaria.

Esta é a situación actual nesta paraxe, que a S.G.H.N. reclama sexa declarada Parque Natural, coa categoría de Reserva Integral para a zona de laurisilva. As razóns podémolas resumir en tres:

1.- A subsistencia dun bosque de loureiros que pode ser considerado como o mellor da Península Ibérica, e dos máis interesantes, polas súas características, do continente europeo, comparable cos existentes nas Illas Canarias ou en Madeira.

2.- O mante-lo derradeiro reducto de bosque autóctono nesta marxe da ría de Arousa.


3.- O terse descuberto recentemente na illa unha nova especie de cogumelo, o que significa en principio un endemismo mundial.

Nestes intres, a S.G.H.N. está integrada na Comisión Cidadá Pro-Cortegada, creada baixo a nosa iniciativa. Tomouse esta decisión porque na unión está a forza, tratando de esquecer diferencias con outra xente alonxada da liña da nosa Sociedade, plantexándonos unicamente o traballo común como liña coerente para conseguir algo. A postura da S.G.H.N. é que pola delicadeza e importancia da área, débese conservar esta tal cal está. Dende 1907 tiveron miles de ocasións. Agora en 1991 non é de recibo construír en tan fermosa e especial paraxe.

CORTEGADA E NOSA DEFENDAMOLA



PARQUE NATURAL PUBLICO



ESCOLA TALLER BRAÑA

A protección da natureza non pode sustentarse das xentes espontaneamente xurdidas do seo da sociedade, senon que é necesario plantexarse actuacións preventivas encamiñadas primeiro a formar nova xente concienciada e preparada, e ademais actuar sobre a natureza, previndo novos deterioros e tratando de controlalos xa existentes de forma planificada. Esta é unha das moitas liñas que leva a cabo a Escola Taller BRAÑA, dirixida pola Delegación de Ourense. Funciona dende 1988 e leva o exemplar funcionamento ó que nos ten acostumbrados esta delegación. Financiada polo INEM e o FSE (Fondo Social Europeo), ten varios talleres, adicados á carpintería, canteiría, construción e promoción ambiental, enfocados hacia o Medio Ambiente e á filosofía da ecoloxía actual (reciclaxe, aproveitamento racional dos recursos, etc.).

Pero non só se dan peixes, senón que tamén se ensina a pescalos. Así, ante o problema da falta do graduado escolar dalgúns alumnos, leváronse a cabo as medidas pertinentes para solventar este déficit. Parécenos interesante suñir isto, pois do incremento da cultura e preparación de todos nós depende un mundo máis racional.

Cando a finais do verán tiver ocasión de visita-lo mosteiro de San Estebo de Ribadesil, aproveitei para achegarme ata a escola sita no Concello de Nogueiroa de Ramuín (Ourense). Alí puden comproba-lo que unha boa e racional dirección pode facer. Exemplos hai moitos, a cal máis interesante: a reconstrución do vello Teleclub da zona, sé da escola, empregando madeiras de enseres irrecuperables para restaurar outros, ou aproveitando terra e pedras dunha escombreira para adecenta-la desviación da estrada que vai cara ó mosteiro; a construción dun muro de contención misturando terra vexetal para permitir que a herba medre ou camuflar un galpón de bloques de cemento cun recobramento de pedra.

Por suposto que estos son meros exemplos, e a relación de actividades non é curta. Para rematar comentovola intención de recuperalos vellos e antigos camiños a través do monte como rutas de paseo (e non construíndo novas pistas, chamadas "ecolóxicas" que os nosos políticos se empeñan en abrir sen senso algún).

B R E V E S



Pilas botón. A S.G.H.N. e a Unión de Consumidores de Galicia, veñen desenvolvendo dende hai dous anos (sendo os primeiros en Galicia en aborda-lo tema) unha campaña de recollida de pilas botón, encetándose en Santiago e Ourense e seguindo en Vilagarcía e Noia; ultimamente faise tamén en Ferrol e Rois.

S.O.S. Corrubedo. Presentamos con data 30/11/90 unha solicitude á C.O.T.O.P., para que tome partido na conservación e limpeza do complexo dunar de Corrubedo, ante a inhibición ó respecto do Concello de Ribeira. A solicitude recolle unha serie de propostas concretas de doada e inmediata execución. Estamos á espera dunha resposta.

Rexistro da SGHN. A Comisión Galega do Medio Ambiente dictaminou a procedencia da nosa inscrición no Rexistro de Asociacións Protectoras do Medio Ambiente (día 4/10/90, folio número 11).

Incendios. A Delegación de Ourense está a elaborar un informe crítico sobre a actuación da Administración respecto dos incendios forestais, que verá a luz próximamente.

Nucleares. Participaremos na campaña de recollida de sinaturas para a campaña pola desnuclearización do territorio español, en colaboración coa CEAN (Coordinadora Estatal Antinuclear). Con esta campaña preténdese respaldar unha iniciativa legislativa popular sobre o tema.

Observatorio ornitológico. A S.G.H.N. leva moi adiantados os contactos co Concello de Muros para construír un observatorio ornitológico na Lagoa de Louro.

Sobrado. Falamos cos Monxes do Mosteiro, xente moi interesante e moi interesada na conservación do medio ambiente. Con eles unha representación da Xunta Directiva tivo un

agradable encontro, para eles e dende logo para nos. Recomendamos unha visita á maravilla de mosteiro, lagoa, e arredores.


O Picafollas. Revista ecolóxica do C. C. Arzúa, invitounos a participar na presentación do seu número 0. Entre aves, o "paspallas" desexa longa vida o "picafollas".

Plan Forestal de Galicia. A Consellería de Agricultura contratou á empresa SESFOR para a redacción deste plan, que na actualidade está pasando a distintos sectores para que se comente. Ven sendo a resposta da Xunta á iniciativa Laxislativa

Popular sobre o tema, que no seu día non foi aprobada. Por certo, nunha primeira reunión onde a Administración só admitiu a un representante dos grupos naturalistas, mentres que os madeiros asistiron de forma numerosa. ¡Empezamos ben!

Reciclado. O concello de Santiago comenza unha campaña pola recollida de papel para o seu reciclado. ¡Será casualidade que coincida coa campaña electoral municipal?

Gr. Local Xuvenil. Nova creación deste grupo en Rois, con moitas ganas de traballar. ¡Animo e benvidos!



MOITA CARA

... ten a **Consellería de Ordenación do Territorio**, e de modo especial a funcionaria **Carmíña Nieto**, que denegou unha subvención solicitada pola **S.G.H.N.** para editar novamente a revista "Baña" e outra para un estudio de avifauna en eucaliptais, e deu a calada por resposta. ¿Tefen medo que os resultados contradigan a repoboación con esta especie?

... tefen os **responsábeis(?) de Medio Ambiente Natural**, que non tiveron en conta a solicitude da **S.G.H.N.** para acorta-la última tempada de caza, algo que era de razón. Parece que pesa máis o posible voto dos cazadores.

... ten a **Administración Central** que se apropiou da campaña dos ecoloxistas de recollida de pilas botón: fai ben, pero que dea as gracias (e subvencione, e non únicamente á Cruz Vermella).

... e certo grao de desinformación a que tefen os **directores dalgúns xornais**, por non publica-lo escrito remitido pola **S.G.H.N.** sobre as infraaccións á Lei de Caza en Galicia. Dáselle-lo traballo feito e non se enteran, pero a veces "rellenan" con tonterías sen xeito.



... á do **Concello de Carballo**. ¡Outra vez a voltas coa protección futura de Baldaio! Moita lería e máis nada. ¡E os ruidos, lixo, augas residuais, camiños na marisina, edificacións incontroladas, coches en calquera parte, motorismo polas dunas, etc, etc, etc. ¡Tendes un fucifto que volo pisades! Por outra parte, esa relación con "Euroducks International" que non é outra cousa que un negocio, unha empresa. ¡Non hai ninguén neste país capaz de planificar sobre esta zona húmida?. Típico papanatismo ibérico.

NORABOIA

... ó **Concello de Muros**, polo seu interese na educación ambiental. ¡A ver se sacamos adiante ese observatorio ornitolóxico!

... ó noso amigo e consocio **Pablo Rodríguez "Oitabén"**, por ese bosque de Rídimoa en Beade, Ourense.

... ó **profesor Bermejo**, pola loita contra a instalación de novas celulosas en Galicia. A noraboa será en todo caso para Galicia, de non levarse a cabo estes proxectos. Noraboa extensiva ós compañeiros da **Asociación para a Defensa da Ría de Pontevedra**, pola súa constancia en pedí-lo peche das celulosas e de Elnosa. ¡Estamos con vós!



T A B O L E I R O



Socios menores de 18 anos, interesados en formar parte da sección xuvenil, poden contactar co grupo local de Rois. *Xosé Manuel Tubío, Contimundi-Rois.*

Membros desta Sociedade están a facer un estudio particular dos quirópteros na Provincia de Pontevedra e arredores do Concello de Santiago, encamiñado a coñecer as distintas especies de morcegos, así como a súa distribución. Agradécese calquer aportación a este traballo, no cal por suposto faráse mención dos colaboradores. Os datos que interesan son: lugar concreto de localización (muiños, covas, minas...), parroquia e concello, observacións, teléfono e nome do comunicante. Gracias anticipadas. S.G.H.N. -Santiago, Apdo 330.

¿Platache-la túa arbore? Os compañeiros de Noia pódénche facilitar GRATIS unha pequena arbore se tes onde poñela e podes garantir a súa supervivencia. Escríbelles: *Lois Bello Juanatey, rúa do canton, 20. Noia.*

Aves petróleadas. Responsable: Paco Docampo. Escríbelle para traballar, ó apartado 1455 de Vigo.

Anelamentos. Avistamentos e varamentos de cetáceos e tartarugas. Ponte en contacto coa *Delegación de Santiago.*



ELECCIONS MUNICIPAIS

Compañeiro asociado que vas votar próximamente, ¿coñece-lo programa ambiental do teu candidato á alcaldía?. ¡Esíxelle que o testal (e logo esixe que o cumbran).

PUBLICACIONES S.G.H.N. AÑO 1990

Manual de Ornitoxia (Ed: Diputación de Pontevedra). Libro de iniciación elaborado hai xa uns cantos anos por un grupo de socios e publicado agora. Dúas partes netamente diferentes, a Guía en si mesma e unha segunda con interesantes comentarios sobre actitudes para estudar as aves, espacios de interese natural en Galicia, a fotografía ornitolóxica, etc. Exemplos limitados.

¡NON TE ESQUEZAS!
Para ser independentes e ter forza, necesitamos máis asociados. Invita ós teus amigos a traballar por un mundo mellor no seo da S.G.H.N. ¡A Sociedade!



"A natureza é a fonte da vida: a nosa obriga e preservala e entégala ás xeracións vindeiras en mellor estado que cando a recibimos"

Declaración de Tbilisi



SOCIEDADE
GALEGA DE
HISTORIA
NATURAL

Sociedade Galega de Historia Natural

APARTADO 330

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aptado. 1220 VIGO
Aptado. 825 CORUÑA
Aptado. 356 FERROL
Aptado. 303 VILAGARCIA
Aptado. 212 OURENSE
Aptado. 72 NOIA
Aptado. 16 PADRON

